



1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ria de Camariñas. Municipio: Camariñas. Parroquias: Santa María de Xaviña, agás a esquina nororiental, incluída en San Pedro da Ponte do Porto.. Extensión: 3,44km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Enseada que supón a continuación natural do val do río Lamastredo e que realiza un percorrido máis ou menos rectilíneo de norte a sur. Este val, que se encaixa cara á súa desembocadura na Ría do Porto, entre as ladeiras do Monte da Insua ao oeste, e o Monte da Costa no leste, ábrese logo cara ao interior xerando unha ampla superficie, relativamente plana, na que se asentan as principais poboacións da parroquia de Xaviña.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Case toda a unidade encóntrase sobre un granitoide migmático hercínico, que contén nebulitas no Monte da Costa. No extremo noroeste aparece a granodiorita biotítica tardihercínica coñecida como Tipo Traba. O Cuaternario aparece representado polos sedimentos intermareais e de marismas da fronte costeira, ademais dos materiais aluviais do fondo do val de Lamastredo e os coluviais dalgunhas cubetas continentais de alteración

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Esteiro con ambiente climático Cálido e Húmido. Recóllense entre 1200mm e 1400mm de precipitación acumulada media ao ano. As temperaturas en xeral son suaves con valores medios por riba de 15°C e a oscilación térmica rolda os 13°C.

OS SOLOS

Pequeno esteiro con presenza de solos costeiros relacionados cos procesos de sedimentación fluvio-mariño, formando arenosos álbicos e fluvisols arénicos na súa parte interna. A vertente mostra unha secuencia edáfica relacionada coa pendente, localizándose os cambiños dístricos na parte inferior do val, regosols a media ladeira e as cabeceiras dos montes da Insua ao oeste e da Costa ao este cos solos máis pobres do tipo leptosol lítico.


AS AUGAS

A unidade Enseada de Xaviña presenta unha abertura interior en forma de val fluvial que é percorrida polo último tramo do arroyo de Lamastredo, que desemboca na praia de Area Branca, bañada á súa vez pola masa de Augas de Transición da Ría do Porto (20482).

O PATRIMONIO NATURAL

Sector incluído na área de importancia para as aves (IBA) Costa da Morte. É unha costa baixa e de esteiro. Dominan o hábitat 1210 de refugallos mariños acumulados e o 1140, chairas lamacentas e areosas que non están cubertas de auga cando baixa a marea. Ademais, existen algúns sectores de marismas, cos hábitats do grupo 13, "Marismas e pasteiros salinos atlánticos e continentais". Cara á ría, a presenza de bancos arenosos intermareais permiten a existencia do hábitat 1140, chairas lamacentas e areosas que non están cubertas de auga cando baixa a marea; e do 1110, bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña pouco profunda. O medio continental está bastante transformado, destacando só as masas ripícolas (91E0) do Rego de Lamastredo, que superan de maneira intermitente e en formación moi estreita, as 1,5ha. Nas agras próximas ao río tamén aparecen pequenos conxuntos de frondosas de recolonización a partir de lindes de predios que van sendo abandonadas de actividades agrícolas ou nas que cada vez hai menor presión humana.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Terras interiores da val do rego de Lamastredo dedicadas a usos agrícolas, con notable continuidade na zona central que se fragmenta nas zonas máis próximas á costa, onde se combina con parcelas forestais. As ladeiras do Monte da Insua e Monte da Cesta, que delimitan o ámbito polo oeste e polo este respectivamente, están cubertas por árbore de repoboación para uso forestal. O uso residencial concéntrase en varios núcleos que se reparten no interior do val, con notable compacidade entre as terras de cultivo. Na zona litoral existen dous bancos de marisqueos, de ameixa e berberecho, que son explotados tanto a pé como a flote.

MORFOLOXÍA

En liñas xerais trátase dunha unidade relativamente poboada, que acolle a poboación máis importante ente Camariñas e Ponte do Porto. O asentamento de Xaviña, de orixe tradicional, componse de varios casaríos compactos (Pedrouso, O Cruceiro, A Gándara, Covadiña, O Tilleiro, Tasaraño...), separados por parcelas de cultivo e configurando unha estrutura policéntrica, que en xeral non ten experimentado crecements residenciais. Porén, apoiándose no AC-432 e nas vías que se abríron coa concentración parcelaria, xurdiron edificacións illadas de residencia unifamiliar que colonizan o territorio sen xerar núcleos continuos, fenómeno potenciado polo abandono paulatino dos labores agrarios.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada principal é a AC-432, que atravesa a unidade transversalmente de SE e NO, no seu traxecto entre Ponte do Porto e Camariñas. Percorre o ámbito polo que hoxe é o extremo sur das terras traballadas do val de Lamastredo, aínda que cando se construíu o facía atravesando terras de cultivo. O proceso de concentración parcelaria impuxo unha trama viaria regular, adaptada ao terreo, para favorecer a accesibilidade ás zonas agrícolas. Ao tratarse dun val cerrado, as conexións viarias co resto do territorio son escasas, limitadas neste caso a tres saídas cara ao norte, sueste e noroeste .

PATRIMONIO HISTÓRICO

No núcleo de Xaviña destaca a igrexa parroquial de Santa María de Xaviña, construída no s.XI de estilo románico, xunto ao Cruceiro e a Casa Reitoral, que se encontran no centro da unidade. A importancia da súa vida señorial reflíctese nos pazos de Mouzos, do s.XVIII, e no Pazo de Dor na Paxariña, do s.XVI, que ademais conservan exemplos de arquitectura popular relevante como hórreos, pontes e pombais. No referente a patrimonio etnográfico, non existen casas nin construcións populares catalogadas.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Condiciona (e polo tanto cualifica) fortemente esta unidade as súas peculiaridades físicas, o feito de tratarse dun val tan claramente delimitado polo Monte da Insua ao sur, Monte da Costa ao este e Alto da Tomba e O Caldeireiro ao norte. Territorio que tradicionalmente xogou un papel importante no desenvolvemento da zona, acolleu unha constante actividade poboacional vinculada sempre a labores agrícolas e forestais que se manifesta nos elementos patrimoniais históricos que se conservan. Trátase dun territorio organizado arredor do rego de Lamastrede, cuxo centro é o val, que historicamente deu as costas á súa saída ao mar. O extremo meridional estréitase entre os Montes da Insua e da Cesta para desembocar no Río Grande formando unha pequena enseada.

DINÁMICA DA PAISAXE

A actividade principal que tradicionalmente ocupou a superficie deste val foi a agrícola, de cuxo desenvolvemento dependían os diferentes casaríos que organizaban o territorio. Como en tantos outros sitios, a redución da intensidade destas actividades supuxo un incremento da superficie reforestada que agora se dedica á explotación forestal, especialmente na ladeira norte do Monte da Insua. A mediados do século pasado, a estrutura territorial modificouse cos fenómenos de concentración parcelaria, substituíndo os camiños, peches e sendas tradicionais por novas vías, rectas e regulares. Os asentamentos teñen experimentado crecementos moi pequenos, sen alterar a súa estrutura nin tipoloxías tradicionais, porén apréciase un incipiente fenómeno de urbanización dispersa ao longo das vías máis importantes.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Esta é unha paisaxe cunha especial relevancia tanto natural coma histórica. Trátase dun val agrícola que alberga un núcleo fundacional de estrutura polinucleada, delimitado polo Monte da Insua ao sur, Monte da Costa ao este e Alto a Tomba e O Caldeireiro ao norte. A presente unidade, coa enseada de Vas e o Monte da Insua, pertence ao Espazo de Interese Paisaxístico Monte da Insua. A Enseada de Xaviña singularízase polas súas peculiaridades orográficas, formando unha gran plataforma practicamente chá cercada por importantes fitos montañosos, que permiten que sexa un medio facilmente recoñecible como tal, cunha identidade moi marcada e ao que é relativamente sinxelo pór límites simbólicos. A pesar disto, a continuidade territorial fai que o espazo se escabulla polo sueste polo terreo de Roque cara ás terras de Dor e polo noroeste cara á Enseada de Vasa, xerando unhas interesantes conexións visuais e funcionais ao longo do litoral. Desde a zona costeira da unidade, onde se encontra o Pazo de Dor, prodúcese unha percepción transversal da Ría de Camariñas que ten o seu fondo da perspectiva na Punta da Barca e o núcleo de Muxía.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



